



CONVENIO ENTRE O INSTITUTO ENERXÉTICO DE GALICIA (INEGA) E O CLUSTER DE ENERXÍAS RENOVABLES DE GALICIA (CLUERGAL) PARA O DESENVOLVEMENTO DA XORNADA "URBAN SOLUTIONS SIMPOSIUM"

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O director do Departamento de Enerxía da Axencia Instituto Enerxético de Galicia (INEGA)

DECLARA: Que esta entidade de dereito público ten previsto formalizar co Cluster de Enerxías Renovables de Galicia (CLUERGAL), o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o día seguinte ao da súa sinatura e rematará o 30 de decembro de 2023.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer as condicións da colaboración entre o INEGA e CLUERGAL no desenvolvemento da segunda xornada "Urban Solutions Simposium", cita sectorial única no seu ámbito que reunirá de novo a empresas, profesionais e administracións ao redor de seis bloques temáticos relacionados coas cidades: enerxía, mobilidade, iluminación, parques, infraestruturas e sustentabilidade. O evento celebrarase do 4 ao 6 de outubro na Cidade da Cultura de Santiago de Compostela.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

INEGA constitúese en Axencia por Decreto 142/2016, do 22 de setembro, mantendo a súa adscrición a Consellería competente en materia de enerxía, conforme ao establecido na Lei 3/1999, do 11 de marzo, e entre cuxas funcións destaca a de incidir na utilización racional da enerxía, así como diversificar as fontes enerxéticas e reducir, na medida do posible, a dependencia exterior.

CLUERGAL é unha asociación sen ánimo de lucro, que representa ao sector das enerxías renovables de Galicia. O obxectivo central de CLUERGAL, tal como recollen os seus Estatutos, consiste en promover proxectos entre os seus membros, o desenvolvemento da industria e servizos do sector das enerxías renovables así coma o fomento da Sostibilidade enerxética. Actualmente CLUERGAL agrupa ó 50 % da cifra de negocios da industria das enerxías renovables de Galicia, de xeito directo e ao 30 % no caso de empresas vinculadas.

CLUERGAL tamén ten por obxectivo ser un referente no sector da enerxía renovable en Galicia e nexo de colaboración entre a empresa, administración, universidade e centros de investigación; e como resultado da colaboración e das actividades da agrupación industrial lograr que Galicia sexa unha comunidade pioneira e líder en enerxía renovable e sustentabilidade enerxética, en todas as súas vertentes: xeración, uso, desenvolvemento industrial e de servizos asociados.

O INEGA e CLUERGAL consideran de mutuo interese a celebración da segunda edición do "Simposium Urban Solutions". Cita sectorial única no seu ámbito que reunirá de novo a empresas, profesionais e administracións ao redor de seis bloques temáticos relacionados coas cidades: enerxía, mobilidade, iluminación, parques, infraestruturas e sustentabilidade.





O INEGA colaborará coa CLUERGAL no financiamento do obxecto de presente convenio, cunha achega de dous mil cincocentos euros (2.500,00€) do seu orzamento de gastos para o ano 2023.

O orzamento total da actividade formativa ascende a trinta e catro mil euros (34.000 €).

Esta orzamento cobre os honorarios da dirección da xornada, merchandising e material promocional, catering, campaña de comunicación, fotografía e azafatas segundo se desglosa no cadro adxunto.

	custe/Ud. (€)	Ud.	Importe (€)
Merchandising e material promocional	3.000	1	3.000
Catering	5.000	5	25.000
Campaña comunicación	500	3	1.500
Fotografía	1.000	3	3.000
Azafatas	500	3	1.500
TOTAL			34.000,00

En relación co convenio que o INEGA pretende subscribir coa CLUERGAL non é posible promover a concorrência pública debido á especificidade do seu obxecto e pola especificidade das características que deben cumprir as entidades colaboradoras.

A Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, prevé a concesión directa de subvencións cando se acrediten razón de interese público, social, económico, humanitario ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria. Neste caso, as razóns as que alude a devandita disposición normativa enténdense acreditadas por tratarse dunha asociación sen ánimo de lucro, que está interesada en asegurar a axeitada difusión e divulgación das enerxías renovables para a súa aplicación e aproveitamento nos diferentes sectores de actividade da nosa sociedade ó obxecto de adecualos ós actuais procesos de transición enerxética e descarbonización, desenvolvendo a segunda edición da xornada "" Urban Solutions Symposium", co fin de garantir a posta a disposición de información pública relevante e actualizada das tecnoloxías relacionadas coa transición enerxética e a descarbonización.

En atención ao exposto, e a fin de cumprimentar o preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

O director do Departamento de Enerxía,
Juan I. Rodríguez Fernández-Arroyo

